1º) Dentro do curso no que queredes instalar o paquete de eXeLearning picamos en "Engadir unha actividade ou un recurso".




2º) Picamos na opción eXeLearning (SCORM)



3º) Na lapela Xeral engadimos un título para a actividade




4º) Baixamos á seguinte lapela "Paquete" e na sección "Tipo" eliximos a opción "Paquete subido"



5º) Na sección "Paquete" picamos na icona de subir documento




6º) Ábrese unha nova ventá onde temos que picar na lapela "Enviar un ficheiro". Despois picamos en "Seleccionar arquivo" e buscamos o arquivo no noso equipo.

**<u>É moi importante que seleccionemos o arquivo no seu formato SCORM.</u>**



7º) Xa subido o arquivo picamos en "Enviar este ficheiro" para pechar a ventá co arquivo adxunto.



8º) Podes personalizar os axustes das distintas lapelas como desexes.




9º) Para visualizar o resultado antes de que o alumnado poda visualizalo. Expande a lapela "Configuración común do módulo" e na sección de "Dispoñibilidade" pica na opción "Agochar na páxina do curso".



10º) Para finalizar a edición da entrada pica en "Gardar e volver ao curso".




11º) Xa podes ver o teu eXeLearning listo para ser visualizado polo teu alumnado cando o desexes.


13 de decembro - 19 de decembro
Engadir unha actividade ou un recurso
20 de decembro - 26 de decembro
EXELEARNING (SCORM)
Cápsula do tempo
Agochar para os alumnos
Engadir unha actividade ou un recurso
Engadir semana